



NOTA DE PRENSA: 24.10.09.

ENCE-ELNOSA NA COMARCA?..... NON GRAZAS!

As recentes declaracións do Conselleiro de Medio Ambiente Sr. Hernández nas que asegura que a Xunta de Galicia está a manter conversas coa dirección de ENCE e que empraza á empresa a trasladarse dentro da comarca de Pontevedra, reabre o debate na nosa comarca, un debate que ven marcado polas mesmas ambigüidades e mentiras utilizadas polos sucesivos gobernos autonómicos e no que a Asociación Pola Defensa da Ría ten moito que dicir.

Na APDR estamos convencidos de que, como os anteriores gobernos da Xunta, tamén este goberno autonómico vai actuar en función dos intereses empresariais e –unha volta máis- vai deixar nas mans dos seus directivos a decisión última, ignorando a inequívoca posición da cidadanía que esixe a desaparición do complexo do actual emprazamento. En efecto, a práctica totalidade das organizacións sociais apostan hoxe por esta posición, e só a dirección comarcal de CC.OO. (boa parte dos seus afiliados afirman estar en contra da presenza de ENCE-ELNOSA na nosa Ría) está pola permanencia do complexo en Lourizán.

Neste sentido, desde a APDR queremos deixar clara a nosa posición ao respecto da presenza na nosa Ría dun complexo industrial que leva máis de 50 anos destruindo os recursos naturais, o medio ambiente, a calidade de vida e o emprego na bisbarra, xa que imposibilita a creación de postos de traballo derivados dun modelo de desenvolvemento sustentábel baseado na explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos; queremos deixar claro tamén, que, fronte ás mentiras e falsas promesas das distintas administracións, mantemos unha posición firme sobre a presenza na nosa Ría dun complexo que sigue a incumprir boa parte da lexislación en materia medioambiental, unha posición que se concreta nos seguintes puntos:

1º.- Esiximos o fin da actividade do complexo ENCE-ELNOSA na nosa Ría con anterioridade ao 2018.

2º.- De ningún xeito imos admitir o traslado do complexo dentro da comarca de Pontevedra, xa que suporía manter o actual problema.

3º.- Así mesmo, non entenderíamos que o goberno da Xunta premiara, do xeito que fora, a unha empresa que se veu caracterizando pola falta de respecto á lexislación vixente, pola destrución da natureza e o emprego, e pola agresión á calidade de vida e á saúde das persoas.

Xa por último, instamos á Consellería de Medio Ambiente a fixar data e hora para a entrevista solicitada pola nosa Xunta Directiva hai xa algúns meses para tratar este particular.

Pontevedra, 24 de outubro de 2009.

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.